



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP estabilización emprego temporal. Bases Xerais e Específicas: concurso-oposición. Técnico/a Minas de San Finx. Persoal Laboral Fixo-Descontinuo

Expediente: 2024/E001/000024; 2025/G003/000042

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame e órgano competente para a adopción do presente acordo, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente no ámbito local, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos que a continuación se indican.

Praza obxecto de estabilización:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/ Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Técnico/a Minas San Finx	Laboral Fixa Descontinua	1	II: A2	Completa	5112	Libre / Concurso-oposición (artigo 2 Lei 20/2021)

Antecedentes Administrativos:

- 1) Oferta Pública de Emprego Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 267 de data 23/05/2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 99 do 26/05/2022.
- 2) Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos para executar a Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a redución da temporalidade no emprego público, de data 30/11/2022, polo procedemento de concurso-oposición (praza de Técnico/a Minas de San Finx, código 5112)
- 3) Acta da Mesa Xeral de Negociación relativa ás Bases Xerais e Específicas, que tivo lugar o día 02.12.2022, na que os sindicatos e delegados de persoal que concorreron manifestaron o seu apoio á proposta da Alcaldía.
- 4) Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022 que aproba a convocatoria daquela praza incluída na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021 (Técnico/a Minas San Finx). Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e o proceso selectivo correspondente.
- 5) O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria (artigo 2 Lei 20/2021) foi publicada: na sede electrónica municipal, o día 09/12/2022; e no BOP núm. 236 do día 15/12/2022. O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 Lei 20/2021) foi publicada: no DOG 241 do 21/12/2022 e no BOE 311 do 28/12/2022.
- 6) Resolución da Alcaldía núm. 426 do 04/07/2024 na que tras a celebración do correspondente proceso selectivo, acórdase declaralo deserto, por non existir ningún aspirante que superase a fase de oposición.
- 7) Resolución da Alcaldía 429/2024 do 08/07/2024 que aproba a convocatoria da praza incluída na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021 (Técnico/a Minas San Finx), así como a aplicación das Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e o proceso selectivo (xa aprobadas por Resolución da Alcaldía 726/2022 do 09/12/2022).
- 8) O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021) foron publicados:
 - a. Na sede electrónica municipal o día 08/07/2024
 - b. No Boletín Oficial da Provincia 134 do día 12/07/2024
- 9) O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021) foi publicado:
 - a. No Diario Oficial de Galicia 141 do 22/07/2024
 - b. No Boletín Oficial do Estado 184 do 31/07/2024





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 10) Mediante Resolución da Alcaldía 541/2024 do 26/08/2024, aprobouse a listaxe provisional e definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e o nomeamento do Tribunal cualificador. Esta Resolución foi publicada na sede electrónica o día 26/08/2024. A listaxe de aspirantes admitidos e excluídos foi a seguinte:

2024/E001/000024		Técnico/a Minas San Finx (5112)					
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Avilés Calo, Mirian	Si	***9952**	Si	Si	Si	Si	Si
Garrido Silva, Mónica María	Si	***3482**	Si	Si	Si	Si	Si
Roo Vázquez, Beatriz	Si	***3624**	Si	Si	Si	Si	Si
Sánchez Arines, Carmen María	Si	***2156**	Si	Si	Si	Si	Si

- 11) O día 27/08/2024 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal, o reparto do temario para formular as preguntas da fase da oposición e a asignación ao Secretario do Tribunal da baremación da fase de concurso.
- 12) O día 08/10/2024 tivo lugar a segunda reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo o desenvolvemento da fase de oposición, co seguinte resultado:

Código Identificativo	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	8,50	19,50	28,00	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	14,00	24,00	38,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	11,50	19,50	31,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	17,50	19,50	37,00	Si

- 13) O día 21/10/2024 tivo lugar a terceira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo, en acto público, a apertura do sobre identificativo que relaciona a cada un dos aspirantes presentados cos códigos asignados, co seguinte resultado:

Código identificativo	Aspirante
TMSF/2024/E001/000024/W	Mirian Avilés Calo (***)9952**)
TMSF/2024/E001/000024/X	Mónica Garrido Silva (***)3482**)
TMSF/2024/E001/000024/Y	Carmen María Sánchez Arines (***)2156**)
TMSF/2024/E001/000024/Z	Beatriz Roo Vázquez (***)3624**)

- 14) O día 28/10/2024 tivo lugar a cuarta reunión do Tribunal Cualificador, na que resolveu estimar a alegación presentada pola aspirante Carmen María Sánchez Arines con DNI ***2156**, en relación á pregunta número 34, dando por correcta a resposta D), en vez da resposta A).

Unha vez revisada e corrixida de acordo co criterio anterior, a pregunta número 34 de todos os aspirantes, o resultado da puntuación que acadada cada aspirante no exame tipo test, e no total da fase de oposición é a seguinte:

Código Identificativo	Aspirante	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	Mirian Avilés Calo	7,75	19,50	27,25	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	Mónica Garrido Silva	13,25	24,00	37,25	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	Carmen Mª Sánchez Arines	12,25	19,50	31,75	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	Beatriz Roo Vázquez	16,75	19,50	36,25	Si





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

15) O día 04/11/2024 tivo lugar a quinta reunión do Tribunal Cualificador, cuxo obxecto era baremar a fase de concurso, así como determinar a puntuación provisional que acadaba cada aspirante no proceso selectivo, co seguinte resultado:

O resumo da baremación da Fase de concurso é a seguinte:

Aspirante	Experiencia Profesional (máx. 30)	Formación (máx. 10)	Puntuación fase concurso
Mónica María Garrido Silva	30,00	10,00	40,00
Carmen María Sánchez Arines	14,00	10,00	24,00
Beatriz Roo Vázquez	13,20	10,00	23,20

De conformidade coa Base 10.1 a puntuación provisional que acadada cada aspirante no conxunto do proceso selectivo é a seguinte:

Aspirante	DNI	OPOSICIÓN		CONCURSO		TOTAL
		Test	Proba escrita	Experiencia	Formación	
Mónica Garrido Silva	***3482**	13,25	24,00	30,00	10,00	77,25
Beatriz Roo Vázquez	***3624**	16,75	19,50	13,20	10,00	59,45
Carmen María Sánchez Arines	***2156**	12,25	19,50	14,00	10,00	55,75

Segundo as Bases, os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións. A publicación da Acta 5ª do Tribunal tivo lugar o día 06/11/2024.

16) Consta incorporada ao expediente Dilixencia acreditativa (do 21/11/2024) da non existencia de alegacións durante o período de información pública (do 06/11/2024 ao 20/11/2024).

17) O día 22/11/2024 tivo lugar a sexta reunión do Tribunal Cualificador, na que se acordou:

- Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter a praza obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

Orde	Aspirante	DNI	OPOSICIÓN		CONCURSO		TOTAL
			Test	Proba escrita	Experiencia	Formación	
1	Mónica Garrido Silva	***3482**	13,25	24,00	30,00	10,00	77,25

A persoa proposta para a obtención da praza debe achegar, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación na sede electrónica do Concello de Lousame, desta proposta definitiva, a documentación á que se refire a Base Xeral 12.

- A Relación Complementaria de persoas aspirantes que seguen á proposta para obter a praza, no caso de que se dean os supostos contemplados na Base Xeral núm. 12, sería a seguinte:

Orde	Aspirante	DNI	OPOSICIÓN		CONCURSO		TOTAL
			Test	Proba escrita	Experiencia	Formación	
2	Beatriz Roo Vázquez	***3624**	16,75	19,50	13,20	10,00	59,45
3	Carmen María Sánchez Arines	***2156**	12,25	19,50	14,00	10,00	55,75





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 18) A Acta Sexta do Tribunal Cualificador, coa proposta de nomeamento e a relación complementaria de persoas aspirantes, foi publicada na sede electrónica, o día 22/11/2024.
- 19) A aspirante proposta de xeito definitivo polo Tribunal para obter a praza obxecto de estabilización, presentou a documentación indicada na Base Xeral núm. 13 o día 09/12/2024 con rexistro de entrada 2029 e o día 11/12/2024 con rexistro de entrada 20249990000742.
- 20) En data 18/12/2024 o Técnico de Administración Xeral emite informe sobre a documentación presentada, concluíndo que a mesma é correcta.

Fundamentos Xurídicos:

1. Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

2. Segundo a Base Xeral número 5:

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, (...) presentaranse (...) no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

3. Segundo a Base Xeral número 7:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución (...), declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo. (...) Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.

4. Segundo a Base Xeral número 10:

1. *Rematada a valoración dos méritos, o Tribunal publicará, na sede electrónica do Concello de Lousame, a puntuación provisional que acadou cada aspirante no conxunto do proceso selectivo.*

De ser necesario, aplicará os criterios de desempate regulados na Base núm. 11.

Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación das valoracións, para formular alegacións.

2. *Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización.*

O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. *Finalizado o concurso-oposición e aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.*

5. Segundo a Base Xeral núm. 12:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Finalizado o concurso-oposición, o Tribunal efectuará á Alcaldía, a proposta definitiva da persoa aspirante para a obtención da praza obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

A persoa proposta para a obtención da praza debe achegar, no prazo de 20 días naturais, dende a publicación na sede electrónica do Concello de Lousame a seguinte documentación:

- *DNI ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance establecido no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- *Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.*
- *Declaración xurada de non ter sito separado do servizo das Administracións Públicas nos termos sinalados na Base Xeral 4; e non estar incurso en algunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*
- *Orixinal ou copia cotexada da titulación esixida nas Bases Específicas da convocatoria.*
- *Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, que o eximiu de realizar as probas de coñecemento da mesma.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados.*
- *Orixinal ou copia cotexada dos restantes requisitos esixidos nas Bases Específicas da convocatoria.*

A persoa que dentro do prazo indicado (salvo casos de forza maior) non presentase a documentación ou desta se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos nas Bases Xerais e Específicas, no poderá ser nomeada, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación.

Co fin de asegurar a cobertura da vacante, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación.

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán nomeados pola Alcaldía como persoal como persoal laboral fixo discontinuo. Ordenarase a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.

6. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia:

La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo..

7. Segundo o artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas:

Quienes accedan por cualquier título a un nuevo puesto del sector público que con arreglo a esta ley resulte incompatible con el que vinieran desempeñando, habrán de optar por uno de ellos dentro del plazo de toma de posesión.

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, na aplicación do disposto nas Bases Xerais que rexon o proceso selectivo **RESOLVO:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Realizar a contratación como **persoal laboral fixo discontinuo**, para obter a praza obxecto de estabilización no proceso selectivo con expediente **2024/E001/000024** (relativo á praza de **Técnico/a Minas San Finx**, con código **5112**), a favor da aspirante que superou o proceso selectivo:

Identidade do Aspirante	DNI
Mónica Garrido Silva	***3482**

Segundo: Citar á aspirante que superou o proceso selectivo, á sinatura do contrato de traballo (equivalente á toma de posesión dos funcionarios), que terá lugar de xeito telemático ou presencial, entre os días **23/01/2025** e **21/02/2025**. Esta sinatura terá os efectos equivalentes aos da toma de posesión do persoal funcionario. Así cada ano, con carácter previo ao inicio do período de actividade do contrato fixo discontinuo, efectuarase o chamamento da aspirante de conformidade co indicado no apartado sexto desta resolución.

Terceiro: Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Do mesmo xeito, publicar esta resolución na sede electrónica para xeral coñecemento e notificar á aspirante seleccionada.

Cuarto: Proporcionar a información estatística correspondente ao resultado do proceso de estabilización de emprego temporal a través do Sistema de Información Salarial do Persoal da Administración.

Quinto: Informar á representación legal dos empregados do nomeamento como persoal laboral fixo discontinuo aos efectos que procedan.

Sexto: O período de actividade desta praza está directamente vinculado ao período de apertura continuo do Museo das Minas de San Finx, que se xeito habitual comprenderá 6 meses, do 1 de marzo ao 31 de agosto de cada ano; e, sen prexuízo de que, no caso de existir financiamento, ese período mínimo poida ser ampliado.

Cada ano, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro, efectuarase o chamamento da aspirante, mediante notificación electrónica, para a súa constancia no expediente administrativo; onde se lle darán as indicacións precisas e as condicións para a súa incorporación, concretando o período de actividade dese ano. Do mesmo xeito, será citada para a aceptación do chamamento anual, momento no que será dada de alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social con efectos do día de inicio do período de actividade anual.

Sétimo: Dar conta ao Pleno Corporativo, na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

